

ESTREA EN NUMAX: 01.02.2019 | V.O.S.E. | +12

*Twarz* (2018, 91')

**Dirección:** Małgorzata Szumowska

**Guión:** Michał Englert, Małgorzata Szumowska

**Elenco:** Mateusz Kosiukiewicz, Agnieszka Podsiadlik, Małgorzata Gorol, Roman Gancarczyk, Dariusz Chojnacki, Robert Talarczyk, Anna Tomaszewska, Martyna Krzysztofik

**Música:** Adam Walicki

**Montaxe:** Jacek Drosio

**Dirección de arte:** Bartosz Mrozowski

**Vestuario:** Julia Jarza-Brataniec, Katarzyna Lewinska

**Son:** Kacper Habisiak, Marcin Jachyra, Marcin Kasinski

**Fotografía:** Michał Englert

**Distribuidora:** VerCine

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Polaco

#### PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Gran Premio do Xurado), Xixón 2018 (Premio do Xurado Mozo), OUFF 2018 (Mellor filme)

#### FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Cuerpo*, 2015

*Amarás al prójimo*, 2013

*Ellas*, 2012

*Wniebowstapienie*, 2000 [curtametraxe]

#### SINOPSE

Jacek ama a súa moza, o seu can e o heavy metal. A súa familia, a súa pequena cidade natal e os seus compañeiros veno como un friki divertido e traballa na construción da que se converterá na estatua máis alta de Xesús do planeta. Mais un día, cando un accidente severo desfigura a súa cara ao completo, a súa vida cambiará. Todas as miradas volverán cara a el mentres se somete ao primeiro transplante facial de emerxencia do mundo.

«Ofrece o pracer dunha narración vigorosa. É misteriosa, estraña, atractiva e sorprendentemente emotiva»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



## “Non fago moitos ensaios antes da rodaxe, así que descubro moitas cousas cos meus actores en plena actividade”

Entrevista con **Małgorzata Szumowska**  
 Por Ola Salwa

**Mug arrinca cunha secuencia na que aparecen persoas medio espidas correndo como tolas para comprar televisores en rebaixas. Están en roupa interior porque só a xente “en coiros” poderá entrar na tenda. Espiches os teus compatriotas aquí, literal e figuradamente!** Servíronnos de inspiración os vídeos de YouTube que os mozos comparten. Aparece xente que toleou pelexándose por uns zapatos ou unha carteira nunha tenda en rebaixas. Engadir a parte do espido á escena introduce unha nova capa de abstracción porque ninguén en Polonia se quitaría a roupa para facerse cun televisor. Esta escena é unha alegoría; despois da caída do comunismo en 1989 a xente empezou a desexar obxectos materiais e diñeiro. Levamos 29 anos de capitalismo en Polonia e a necesidade de posuír cousas non cambiou.

**Esa secuencia marca o asunto e o ton do teu filme de maneira moi precisa. Sabemos que Mug se centrará na sociedade polaca e retratará a cunha mestura de realismo e sátira. Nas escenas seguintes presentas ao teu protagonista, Jacek, pero deixas moitas cousas por contar: non sabemos quen é esta persoa. Mug non xira arredor del**

senón arredor das reaccións que el suscita na xente. Ao principio é afeccionado ao heavy metal, o que para algunha xente o achega ao satanismo. Despois debe pasar por un transplante de cara, o que o converte nun monstro, como en *Frankenstein* ou *A pantasma da ópera*. A maneira en que a xente da vila reacciona ao seu paso é unha metáfora de como os polacos nos relacionamos coa xente e coas cousas que non coñecemos ou non comprendemos: inspíranos medo, teorías da conspiración, xenofobia e pensamento irracional. Con todo, todos os polacos están contentos consigo mesmos, o que é evidente no filme. Tal é o caso da familia de Jacek: todos felices con quen son e como son. A única excepción é a irmá.

**Pareces gozar da compañía dos polacos. Non te burlas dos teus personaxes; hai simpatía na maneira en que os retratas. Polonia é unha fonte inesgotable de inspiración para ti.** En efecto. O meu cinema non podería ser máis polaco e, aínda que estou un pouco cansa deste asunto, o meu próximo filme irá sobre a clase media no meu país. Creo que me resulta máis fácil observar Polonia na distancia porque viaxo moito ao estranxeiro e, ao volver, vexo as cousas con máis claridade. Comparo Polonia coas sociedades occidentais e busco o que nos distingue delas. Despois, preparo os meus filmes baseándome nesas diferenzas.

**Hai moitas escenas diferentes no teu filme e moitos personaxes menores cos seus vicios e os seus plans. Con todo, a cinta é moi coherente e sólida.** Creo que é unha cuestión de experiencia. *Mug* é o meu sétimo longametraxe e a miña coguionista, Michał Englert, e máis

eu sabemos o que queremos. Non nos distraemos nin perdemos o norte. Por suposto, de cando en vez avanzamos a cegas pero é parte do proceso. A miúdo digo que un filme é como un partido de fútbol: bastante impredecíbel. Sempre hai algo que pode saír mal, aínda cando un é un gran xogador.

**Que resultou imprevisible ou sorprendente en Mug?** Non fago moitos ensaios antes da rodaxe, así que descubro moitas cousas cos meus actores en plena actividade. Fixamos a idea xeral e traballamos os detalles a medida que van xurdindo. Non estabamos seguros de como actuaría Mateusz Kosciukiewicz coa máscara porque só fixemos unha proba técnica con el de antemán. No estudio buscábamos o que funcionaba e o que non. Así é como descubrimos que debiamos centrarnos no seu ollo. Tamén, como dispuñamos de tres períodos distintos para rodar en función das estacións, podiamos montar unha parte e ver se queriamos engadir ou cambiar algo. Así, decidimos engadir máis escenas con Małgorzata Gorol, que resultou ter unha presenza magnética en pantalla.

**Pode contarnos algo do seu próximo filme?** Trátase dun filme independente que fixen con moi pouco diñeiro, cando o Polish Filme Institute atravesaba cambios na súa xestión. É a primeira coprodución entre Polonia e Marrocos. Titúlase *All Inclusive* e case todo o elenco compóñeno actrices afeccionadas. Non sería un filme meu se a premisa non fose máis que un mero enredo: aparentemente, o filme vai sobre unhas vacacións en África.

Publicado en <http://cineuropa.org>  
 Tradución: Olalla Cociña

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



**4€**  
**Faite NUMAX!**

**Abónate agora e ven sempre por**